

UN RECORDO PARA O AMIGO

ARCADIO LÓPEZ-CASANOVA
Valencia, 30 de maio de 2012

Sinto ben de corazón que urxentes obrigas universitarias, xurdidas a última hora, me impidan estar compartindo mesa para honrar a memoria do amigo querido e recordado. Vaia, xa que logo, o apertado feixe de palabras que seguen como emocionada lembranza e homenaxe, agora aos dez anos do seu pasamento.

O propio Carlos ten contado moitas veces –con graza, e engadindo máxicas notas de fabulación– o noso primeiro encontro en Compostela, unha chuviosa mañá de outono, á porta da vella Facultade de Filosofía, encontro que rematamos –celebrándoo– cun vermú no *Derby* antes de xantar.

Conxeniamos de seguida, pois –coido eu– tiñamos uns trazos persoais moi semellantes: eramos os dous calados, de poucas palabras, introvertidos, cunha fonda vivencia relixiosa, e con certa inestabilidade anímica, un certo desacougo, ben propio duns rapaces que, sensibles, se abrían a un mundo “mal feito”, asolagado na escura néboa das privacións e os silencios cómplices. E compartiamos –claro está– o sentimento galeguista, o compromiso co país, e mais a vocación literaria.

Dende aquel mesmo día do noso encontro, xa pola seriña, na casa do poeta García-Bodaño (que era o amigo “maior”), Carlos integrouse no grupo de mozos galeguistas de “O Galo” e participou con fervor, con entrega, en

todas as súas actividades. Foron aqueles anos composteláns, así, un tempo fecundo de formación e de acción, cheo de arelas e inquedanzas, de fe e de loita incansable.

A aquela ducia –ou pouco máis– de mozos de “O Galo” –Bodaño, Carlos, Santamarina, Docanto, Fontenla, Sanxoás, etc.– débense feitos –verdadeiros fitos para os anos escuros que corrían– ben significativos, que moito fixeron polo erguemento da nosa lingua e da nosa cultura, e da propia conciencia de país: conferencias, exposicións, clases de galego, campaña do Peso (contra do SEU), protesta contra o Polo de Crecemento de Zamora (que desartellaba a Galicia), actos de revolta nas Festas Minervais, o ano primeiro das “Letras Galegas”, homenaxe a Machado na universidade, cartas reivindicativas nos xornais, etc. Carlos foi, día a día, un dos grandes animadores e participantes en todas esas actividades. Fitos –todo hai que dicilo– dos que tempos despois, xa en días de liberdades, algúns que outros, deses da familia dos caladiños, tentaron apropiarse autoproclamándose heroicos loitadores polo país.

Cumprida a estada en Compostela, cada un –como é lóxico– iniciou o seu camiño na vida, pero nin cada camiño de seu, nin a distancia, embazaron aquela amizade xuvenil, ou coutaron os íntimos compromisos contraídos. Por riba da distancia, unha, dúas, tres veces ao ano, segundo ían as cousas, coincidiamos en actos en Ferrol, en Compostela, en Vigo, e así, tras falar dos nosos proxectos, rematabamos sempre lembrando os días felices e de entusiasmo composteláns, e os soños e arelas compartidos, día tras día, naquela habitación de Xelmírez 26, 3º, a pensión de dúas santas mulleres, Leonor e Herminia, que tanto nos querían e respectaban por aquilo de ser “poetas” (dicían elas).

Carlos, ademais, foi o meu xeneroso editor na benemérita Galaxia. Sabía da miña devoción pimenteliana e encargoume, o ano que lle dedicaron as “Letras Galegas”, un estudo sobre o gran poeta lugués; acolleu despois un

poemario meu, que saíu en preciosa edición, *Noite do degaro*; e publicou, asemade, o meu *Diccionario de análise literaria*, obra que lle impresionou moito, e na que traballei durante dez anos. El comprendeu, de seguida, o que aquel esforzo meu significaba.

Carlos segue, para min, vivo e presente. Vivo e presente, por suposto, no admirable herdo creador que nos deixou, como figura relevante, decisiva, da nosa historia literaria contemporánea. Pero, por riba diso, vivo e presente porque foi un compañeiro bo, entrañable, guiceiro en moitas cousas, co que compartín, ao longo dos anos, as arelas e vocacións máis sagradas e que deron sentido á miña vida.

E permitídemme rematar este feixe de apertadas palabras cun poema que lle dediquei –“Lelías de dor”– ao amigo morto, que está recollido en *A semente aquecida da palabra*:

1

A Sombra que o chama,
E o amigo que cala.

A Sombra que chega,
E os ollos lle cega.

No colo da Noite
Levado pro lonxe.

Coa noite nos ollos
Durmido nun Sono.

A Sombra que o leva
Pro berce da Terra.

E a Noite que o anaina
Cun son de barcalla.

2

O amigo levado
Pro fondo do vado.

Pro fondo da Sombra
No río que acora.

O amigo no Sono
Pechados os ollos.

O amigo calado
Nun ir de devalo.

O amigo soño
-ai, Noite que o chama
Con voces de olvido!-.

